

**EXTRACTOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE XANEIRO DE 2018.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 4/2018 DE DATA 22 DE
XANEIRO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de
Goberno Local núm. 4/2018 do día 22 de xaneiro de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 6036/2017. ACTIVIDADES CON OBRAS-
COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE
ACTIVIDADE para explotación de vacún ampliada no lugar de
Castiñeiro-Méixome-Lalín.

3.- EXPEDIENTE 113/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- EXPEDIENTE 3977/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse adxudicar o Lote 1: “*Recrecido pavimento en pista de Froxán (Castro) e acceso a Fondevila (Donsión) (Plan Concellos 2017)*”.

5.- EXPEDIENTE 5630/2017. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE LALÍN E A ENTIDADE "DESTINO BERGEN S.L."

Acordouse aprobar o convenio entre o Concello de Lalín e a entidade “DESTINO BERGEN, S.L.” para a cesión temporal do uso das instalacións do Complexo deportivo “Lalín Arena”.

6.- EXPEDIENTE 4701/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (INTERVENCION).

Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do XXIVº Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”.

7.- EXPEDIENTE 448/2018. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DUNHA MESA PARA VENDER LAPICES E PULSERAS O DÍA 4 DE FEBREIRO.

Acordouse rexeitar e desestimar a solicitude para colocar unha mesa para a venda de lapices e pulsera o día 4 de febreiro de 2018.

8.- EXPEDIENTE 256/2018. SOLICITANDO CORTE DA RÚA B, DENDE O CRUCE COA RÚA GARDA CIVIL ATA O CRUCE COA RÚA PINTOR LAXEIRO, CÓ FIN DA REALIZACIÓN DUNHA CONCENTRACIÓN DE VEHÍCULOS

DA BMW QUE TERÁ LUGAR O DÍA 03/02/2018.

Acordouse conceder autorización municipal para o corte da rúa B dende o cruce coa rúa Garda Civil ata o cruce coa rúa Pintor Laxeiro, có fin da realización dunha concentración de vehículos da BMW que terá lugar o día 3 de febreiro de 2018 dende as 13:00 horas ás 18:00 horas.

9.- EXPEDIENTE 433/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS CON MOTIVO DE REALIZACIÓN DE CURSO DE FORMACIÓN.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Albergue “Vicente Agulló” do 8 ao 16 de marzo de 2018, o uso da aula CEMIT e o hall do Salón Teatro do 12 ao 15 de marzo, material promocional de Lalín (Preferiblemente en inglés) e organizar unha recepción na Casa do Concello durante o curso de *Formación de formadores/as “Agrupando a aprendizaxe en Liña” (en inglés, trainer of trainers “Linking online Learning” acrónimo Tot Tol)* do 9 ao 16 de marzo de 2018, no que participarán 22 traballadores xuvenís procedentes de Lalín, Bulgaria, Croacia, Estonia, Italia, Lituania, Macedonia, Polonia e Serbia. Este proxecto enmárcase dentro do Programa de mobilidade Europea Erasmus+.

10.- EXPEDIENTE 454/2018. SOLICITANDO UN POSTO PARA VENDA DE DOCES NA FEIRA DO COCIDO.

Acordouse desestimar e rexeitar a solicitude para instalar un posto para venda de doces o día da Feira do Cocido, na rúa Rosalía de Castro ou rúa Fontesanguíña.

11.- EXPEDIENTE 447/2018. SOLICITANDO PECHE DA RÚA D, PARA PODER LEVAR A CABO A REALIZACIÓN DUNHA FESTA.

Acordouse conceder autorización para o peche da rúa D, dende as 23:00 horas do día 2 de febreiro de 2018 ata as 4:00 horas da madrugada do día 3 de febreiro de 2018, para poder levar a cabo a realización dunha festa.

12.- EXPEDIENTE 445/2018. SOLICITANDO USO DO ESPAZO PÚBLICO DA PRAZA DA IGLESIA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2018, CO FIN DE ESTACIONAR UNHA NOVA FLOTA RECIENTEMENTE ADQUIRIDA.

Acordouse conceder autorización para para o uso da Praza da Igrexa o día 21 de febreiro de 2018, coa finalidade de estacionar a nova flota de autobuses recentemente adquirida por unha empresa.

13.- EXPEDIENTE 1867/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN. CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN. LIÑA 2-POS 2017.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da actuación denominada “CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN” por importe de 21.362,02 euros.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 470/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (TESOURERIA).

Acordouse a aprobación da devolución de ingresos indebidos pola cantidade de 485,07 € correspondente ao depósito previo do imposto de Construcción, Instalacións e Obras aboado con data 10 de novembro de 2017 por tratarse dun pago excesivo e polo tanto dun ingreso indebido.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 451/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (TESOURERIA).

Acordouse traspasar o importe de 333,90 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 414/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00004 por importe de 12.741,18 €.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 411/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados da ocupación de vivenda para á persoa solicitante por importe de 300 €.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 330/2018 PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (SECRETARIA XERAL).

Acordouse a renovación da tarxeta de acceso a residentes aos solicitantes por un período dun ano a contar dende a data do presente acordo.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 24/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO).

Acordouse corrixir o erro acontecido no punto 4, expediente 24/2018 da Xunta de Goberno Local celebrada o 15 de xaneiro de 2018.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5356/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA .

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 26/01/18 sobre información urbanística da parcela con referencia catastral

0145915NH7204N0001EH, situada en Bergazos, parroquia de Santa Baia de Donsión – Lalín.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 820/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES. ANTECEDENTES EXP. 4800/07.

Acordouse CONCEDER LICENZA URBANÍSTICA consistente na modificación da licenza existente para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sestelo, parroquia de Botos-Lalín.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 500/2018. PROCEDEMENTO XENERICO.

Acordouse aprobar o Convenio de Irmanamento Lalín-Escaldes/Engordany para os anos 2018 e 2019.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 189/2018 CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA”.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 119/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS 2018 LIÑA 2. .

Acordouse solicitar unha subvención por importe de 4.400,00 euros para o desenvolvemento da actuación denominada “Programa Roteiros de Lalín”.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 509/2018. PROPOSTA DO CONCELLO PARA PEDIR Ó ADIF A CESIÓN ESCOMBRERA DE ANZO.

Acordouse solicitar ao ADIF a cesión de uso a este Concello de Lalín de xeito gratuíto ou por un prezo simbólico polo prazo de cincuenta anos para destinalo a fins de interese xeral da parcela ou terreo anteriormente descrita de 131.447 m², situada dende o PK 51/713 ó PK 52/144 o lado esquerdo da vía da liña Ourense-Santiago tramo O Irixo-A Estrada, coñecida como a Escombrera de Anzo.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 508/2018 PROPOSTA DO CONCELLO PARA PEDIR Ó ADIF A CESIÓN EN O CAMPO.

Acordouse solicitar ao ADIF a cesión gratuíta ao Concello de Lalín da propiedade ou do USO polo prazo de trinta anos das parcelas coas referencias catastrais números 36024A1860005740000BQ e 36024A186005750000BP, sitas en O Campo, parroquia de Noceda de Lalín (Pontevedra).

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 507/2018. PROPOSTA DO CONCELLO PARA PEDIR Ó ADIF A CESIÓN EN BOTOS.

Acordouse solicitar ao ADIF a cesión en propiedade ou a cesión en uso a este Concello de Lalín de xeito gratuíto ou por un prezo simbólico polo prazo de cincuenta anos nese último caso, para destinalo a fins de interese xeral, da parcela ou terreo anteriormente descrita de 239.805 m², situada dende o PK 40/188 ó PK40/993, ó lado esquerdo da vía da liña Ourense-Santiago tramo O Irixo-A Estrada, coñecida como a Escombreira de Botos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.